

ORAMOS EN FAMILIA


10 de maio de 2020

PASCUA 5º-A

Xoán 14,1-12: "Eu son o camiño e a verdade e a vida".

Mensaxe: Xesús é o VERDADEIRO

CAMIÑO para ter VIDA.



1. ACOLLIDA

Na mesa do comedor familiar poñemos un mantel, uns Evanxeos e tres palabras: camiño, verdade e vida. Tamén unha imaxe ou estampa da Virxe no seu mes. Tamén podemos poñer un cirio que acendemos ao ler as lecturas.

Nai: Amigos, hoxe a Igrexa preséntanos a Cristo resucitado como o **Verdadeiro CAMIÑO para ter VIDA**. Neste mes de maio deixémonos querer e acompañar pola Nai do ceo, a Virxe María á que sempre podemos acudir. Xesús e María, son dous bos aliados para seguir esta loita contra o coronavirus, dando o mellor de nós mesmos, axudando ao que nos necesita... para que todos teñamos vida.

Logo un dos pais molla os dedos no vaso de auga recordando o noso bautismo bendí os fillos facéndolles unha cruz na fronte como signo de bendición e de que pedimos a Deus perdón. Daquela todos xuntos din:

-Reunímonos "no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo"... Cristo Resucitado, que nos indica o camiño da felicidade e da vida plena, está connosco. Amén.

2. LECTURAS

Pai: Na primeira lectura, **Feitos 6, 1-7**, escoitamos o conflito que se viviu na Igrexa dos primeiros tempos, e veremos como os apóstolos, coa participación da comunidade, buscan a mellor solución. No Evanxeo dísenos que Xesús é a resposta aos nosos interrogantes, é o camiño, a verdade e a vida.

Fillo 1. Lectura do santo Evanxeo segundo san Xoán 14, 1-12: *Eu son o camiño e a verdade e a vida.*

Naquel tempo, dixo Xesús aos seus discípulos: «Non se turbe o voso corazón, crede en Deus e crede tamén en min. Na casa do meu Pai hai moitas moradas; se non, diríavolo, porque me vou a prepararvos un lugar. Cando vaia e vos prepare un lugar, voverei e levareivos comigo, para que onde estou eu esteades tamén vós. E onde eu vou, xa sabedes o camiño».

Díxolle Tomé: «Señor, non sabemos onde vas, como podemos saber o camiño?». Xesús respondeulle: «**Eu son o camiño e a verdade e a vida**. Ninguén vai ao Pai senón por min. Se me coñecédes a min, coñeceríades tamén o meu Pai. Agora xa o coñecedes e vístelo». Díxolle Filipe: «Señor, móstranos o Pai e bástanos». Xesús replicoulle: «Hai tanto tempo que estou convosco, e non me coñeces, Filipe? Quen me viu a min viu o Pai. Como dis ti: "Móstranos o Pai"? Non cres que eu estou no Pai, e o Pai en min" O que eu vos digo non o falo por conta propia. O Pai, que permanece en min, el mesmo fai as obras. Crédeme: eu estou no Pai e o Pai en min. Se non, crede ás obras. Con toda verdade volo digo: o que cre en min, tamén el fará as obras que eu fago, e aínda maiores, porque eu me vou ao Pai». Palabra do Señor.



Xoán 14, 1-12, película: <http://youtu.be/DvEaWS07Fz0>

REFLEXIÓN ORANTE (pódese poñer música de fondo).

Estes días vemos que non sabemos moito como viviremos os meses de verán, hai incerteza, todo cambia ás carreiras. O papa Francisco fálanos de que somos unha sociedade líquida, incluso gasosa. Necesitamos verdades auténticas, valores irrenunciabes.

Xesús é o camiño, a resposta a todos os nosos interrogantes e procura. Se o segues non te perderás e non andarás desorientado. Todo cobra sentido. Déixome guiar por Xesús, deixo que o poña luz na miña vida, que me oriente?

Xesús é a verdade, non é unha idea senón unha persoa, é a referencia sólida que necesitas para construír a túa vida sobre rocha. É Xesús a túa forza, o teu referente? Buscas outros referentes que se adapten ás túas conveniencias?

Xesús é a vida, non a vida a medias para ir tirando, ir malvivindo. El é o verdadeiro camiño para ter vida, vida plena, a felicidade pola que suspiramos. No noso mundo hai xente descartada, explotada que malvive para que outros poidan vivir mellor... Na casa do Pai hai lugar para todos, todos acollidos e benvidos. Vivo ou malvivo? Déixome acoller por el? Busco a outros substitutos que non sexan Xesús?

Tamén se podería utilizar: - "O camiño", Verbo Divino 2014, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=P5iWI9UpSZg>

3. ORACIÓN DA COMUNIDADE

Nai: Presentemos ao Pai as nosas súplicas dicindo: **Todos: -Escóitanos, Señor.**

Fillo 1. Polo Papa Francisco. Para que o Espírito Santo o asista e o encha de esperanza e de amor. **Oremos.**

Fillo 2. Por todos os cristiáns. Para que Cristo sexa o Camiño, o centro e fundamento do que somos e cremos. **Oremos.**

Fillo 1. Por todos os que menten e maquillan a verdade. Para que construíamos un mundo baseado na Verdade que é Cristo. **Oremos.**

Fillo 2. Por todos os que sementan a morte, polos países en guerra, polos que non atopan sentido á vida. Para que mirando ao ceo defendamos a Vida sobre a morte. **Oremos.**

Fillo 1. Por todos os que pensan que poden solucionar os males do mundo. Para que sexan máis humildes. Para que non esquezan que Deus nos guía e espera con amor a mirada de todos os homes e mulleres. **Oremos.**

Fillo 2. Por todos nós para que durante este mes da Virxe lle recemos todos os días un pouco e intentemos imitar a súa fe, o seu compromiso e o seu seguimento de Xesús. **Oremos.**

Fillo 1. Polos falecidos a causa do Covid-19, polas súas familias, polos enfermos e cuidadores, por todos os que se dedican a facer a vida máis agradable aos demais. **Oremos.**

Nai: *Escoita Señor Resucitado a nosa oración e enche o mundo enteiro co teu amor. Por XCNS.*

Os nenos poderían pintar corazóns para todos os membros da familia e escriben dentro: "CRE EN XESÚS". Neste momento recordamos as palabras do Evanxeo "Non se turbe o voso corazón, crede en Deus e en min"... Comentamos que cousas turban o noso corazón e como Xesús é un exemplo para superalas. Lemos a seguinte oración e ao terminar de lela os nenos reparten a cada un o corazón.



Todos: Xesús, ti estás sempre ao noso lado e camiñas connosco na dificultade e nas alegrías. Conectados a ti, todo será mellor, porque es para nós Camiño, Verdade e Vida.

Ti indícasnos o camiño a seguir, o camiño do Pai, o camiño do Evanxeo, o camiño do amor e do perdón. Contigo aprendemos que só hai un camiño para ser felices: Ti.

Xesús, es a Verdade, a verdade que nos fai libres de tantas escravitudes e de tanta mentira.

Ti Xesús, es a Vida plena, a vida que dura para sempre, a vida da graza que alimentamos na oración e na eucaristía.

Xesús, es o máis importante que me pasou, o GPS que nos guía, o imán que nos atrae cara á verdadeira vida. Se confío en ti xamais quedarei defraudado pois es un amigo fiel. Que nunca che falle e que viva sempre conectado a ti.

Pai: -Recemos xuntos mirando á imaxe da Virxe: Todos: Ave María chea de graza, o Señor está contigo, bendita es ti entre todas as mulleres e bendito é o froito das túa entrañas, Xesús. Santa María, Nai de Deus, roga por nós, pecadores, agora e na hora da nosa morte. Amén.

Pai: -Que o Señor nos bendiga e nos garde a todos. / Todos: -Amén.

Cantos: "Ti camiño e ti verdade", de Kairoi: <https://www.youtube.com/watch?v=ezyuxUz7fA>

"Camiño verdade e vida" de Salomé Arrecibita: <https://www.youtube.com/watch?v=XOZyRSVbiYw>

SUXESTIÓNS: 1. Os dous debuxos de abaixo son dúas fichas que podemos ampliar e repartir aos nenos.

2. Hoxe podería axeitado dedicar un momento a facer unha intención de comungar dicindo esta oración: "Creo, meu Xesús, que estás realmente presente no Santísimo Sacramento do Altar. Ámote sobre todas as cousas e desexo recibirte na miña alma. Pero como agora non podo recibirte sacramentado, ven cando menos espiritualmente ao meu corazón. Coma se xa te tivese recibido, abrázote e únome todo a Ti. Non permitas, Señor, que xamais me separe de Ti. Amén". 3. Poñer unha imaxe ou debuxo da Virxe nun lugar visible cunha flor.



CATROUSIAS A TELETEL

CAMI VERITAS WAHRHEIT 生活 NA
EVIE VIA LEBEN BIDEADIE
GWEG 真实 XXTHRUTH طريق
IWAY VIDAX الحياة VAA
AL 方式 CAMINOPADR
ESINOE VERITAT
SPLIFE ORMIPAL
BIZITZA ABRADE
VERDADE VERDAD
DIO الحياة STEA LABAMO
CAMIÑO VERITE SVIDAVITA

Busca estas palabras: **Jesus** CAMINO LIFE VIA BIZITZA CAMI WEG 真实 WAHRHEIT VERITE VERITAT CAMIÑO LEBEN VERDAD WAY VERITAS EGIA 方式 VOIE VERDADE VIE VIDA VIDAVITA

CATROUSIAS A TELETEL

CAMI VERITAS WAHRHEIT 生活 NA
EVIE VIA LEBEN BIDEADIE
GWEG 真实 XXTHRUTH طريق
IWAY VIDAX الحياة VAA
AL 方式 CAMINOPADR
ESINOE VERITAT
SPLIFE ORMIPAL
BIZITZA ABRADE
VERDADE VERDAD
DIO الحياة STEA LABAMO
CAMIÑO VERITE SVIDAVITA

Busca estas palabras: **Jesus** CAMINO LIFE VIA BIZITZA CAMI WEG 真实 WAHRHEIT VERITE VERITAT CAMIÑO LEBEN VERDAD WAY VERITAS EGIA 方式 VOIE VERDADE VIE VIDA VIDAVITA